



O pasado día 13 de xaneiro levouse a cabo a formación dirixida a técnicos, impartida pola asociación de Trastornos de la Personalidad (TP) Galicia, a formación enmárcase dentro do proxecto ENTRE REDES TP.

O lugar de celebración foi no IES Antonio Fraguas.



A formación tiña como finalidade realizar unha pequena introdución aos trastornos da personalidade, pero sobre todo dar a coñecer a asociación: programas, metodoloxía de intervención, tratamentos, tipoloxías, posibilidades de colaboración, procedemento de derivación de casos, etc. É dicir, dar a coñecer a vertente práctica desta entidade.

Con esta actividade pretendeuse acadar os seguintes obxectivos:

- ✍ Dar a coñecer as características e dificultades dos Trastornos da Personalidade.
- ✍ Crear un espazo de reflexión e identificar vías de acción.
- ✍ Posibilitar o traballo en rede entre os distintos profesionais socio-educativos.
- ✍ Dar a coñecer a entidade e os programas que desenvolven.

Este espazo permitiu coñecer ás profesionais de referencia da entidade e establecer vías e canles de comunicación de cara posibles colaboracións e derivacións de futuro para a abordaxe de casos.

A sesión foi presentada e conducida pola orientadora do IES Antonio Fraguas: Lola Sanz.



Acudiron a este espazo formativo un total de 21 técnicos das diferentes entidades integrantes da rede comunitaria do barrio de Fontiñas: docentes do CEIP Fontiñas e do IES Antonio Fraguas, técnico do Programa Abeiro, da Fundación Secretariado Xitano, do centro de Saúde de Fontiñas e dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago.

Pódese facer unha valoración moi positiva da actividade non só polo interese da temática abordada, senón tamén polo feito de dar continuidade a esta forma de traballo, na que compartimos os recursos humanos da propia rede para realizar accións formativas comunitarias. Gracias por esta colaboración ás compañeiras de TP incorporadas á rede do Barrio de Fontiñas este curso.

Preséntanse de seguido imaxes da sesión formativa:





